

# ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA  
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 15 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

---

## SERENATAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

**Paul Daniel**, director

**Sala Mozart 19:45 h**

Conversando con... Paul Daniel



# PROGRAMA

I

ANTONÍN DVORÁK (1841-1904)

Serenata en Re menor, op. 44 B. 77

*Moderato quasi marcia*

*Menuetto - Trio: Presto*

*Andante con moto*

*Finale: Allegro molto*

RICHARD STRAUSS (1864-1949)

Serenata para ventos en Mi bemol maior, op. 7

II

PIOTR ILYICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Serenata en Do maior, op. 48 TH 48

*Pezzo in forma di Sonatina*

*Walzer*


*Élégie*

*Finale (Tema Russo)*

---

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

### Director

Paul Daniel

### VIOLÍNS I

James Dahlgren  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Ildikó Oltai  
Anna Alexandrova  
Claudio Guridi  
Ilya Fisher  
Michal Ryczel  
Victoria Jurov  
Yulia  
Petrushevskaya

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Enrique Roca  
Samira Ajkic  
Kiyoko Ohashi  
Helena Sengelow  
Irina Gruia  
Gyula Vadaszi  
Daniel Rodríguez \*\*\*

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madisson \*\*  
Ionela Ciobotaru  
Anne  
Schlossmacher  
Timur Sadykov  
Iriana Fernández  
Oxana Bakulina  
Fernando Fresno \*\*\*

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Carlos García  
Thomas Piel  
Millán Abeledo  
Iryna Morozova \*\*\*  
Robrecht de Roeck  
\*\*\*

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador del Pozo  
Pablo Rincón \*\*\*

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carlos Cascales \*\*\*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### CLARINETES

Vicente López \*  
Daniel Veiga (R)  
Miguel Peñarroja \*\*\*

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

### TROMPAS

Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Jordi Ortega \*  
Joan García \*\*\*

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

## PAUL DANIEL DIRECTOR

---

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e, de 1987 a 1990, foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os seus compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.


Os seus plans operísticos inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, *Miss Fortune* de Judith

Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.

As serenatas, os divertimentos e músicas nocturnas do século XVIII, aínda que festivas, tiveron un aire doméstico ou intimista. De feito, eran escritas para interpretarse nas celebracións e no tempo de lecer da aristocracia e as familias acomodadas polo que adoitaban ser pezas de música lixeira. Cando no século XIX estes xéneros son revisados, asoma un certo paradoxo pois pretende manter a súa levedade e accesibilidade mais chegan ao mundo dos concertos, nunha intencionada teatralización, tanto dos xéneros mesmos como dos contextos que evocan. Tres obras moi coñecidas ilustran ese movemento oitocentista: a *Serenata para cordas* de Chaikovski —que lembra á súa música para ballet pero con maior profundidade artística— e dúas serenatas de Dvořák, unha para cordas e outra para ventos, moi diferentes entre si, tanto instrumental como estilisticamente. A *Serenata para cordas* (1875) presenta un lirismo nostáxico contraposto á ironía das fanfarras rústicas e das marchas da *Serenata para ventos* (1878) escrita tras o éxito entre público e crítica das súas *Danzas eslavas*. Un deses críticos que loou as danzas do checo era Louis Ehlert polo que o compositor, sempre xeneroso e nun xesto infrecuente, dedicoulle a *Serenata Op. 44*. Dvořák aborda a composición seguindo a tradición camerística do século XVIII dos ensembles de ventos coñecidos

como *Harmoniemusik* e cuxo máximo representante foi Mozart. A formación máis común deses conxuntos era un octeto integrado por pares de óboes, clarinetes, cornos e fagots á que o autor engadiu un terceiro corno para que o trío puidera tocar acordes completos nese arco da orquestración. Esta *Serenata* foi estreada no Teatro Provisional de Praga en novembro do ano da súa composición dirixida polo propio Dvořák e despois da estrea, decidiu reforzar o rexistro grave engadindo partes opcionais de contrafagot, violonchelo e contrabaixo. En todo caso, o máis significativo da peza son os toques irónicos que presenta, comezando pola marcha inicial cuxas dúas aparicións enmarcan un episodio máis lírico. O segundo movemento, aínda que nomeado *Menuetto*, ten o ritmo dunha *sousedská* —danza popular bohemia— e no trío, dun *furiant* usado con frecuencia por Dvořák; como resultado, un cadro elegante e sutil caricaturizando a danza aristócrata do século XVIII. O Andante, á súa vez, é unha das páxinas máis inspiradas do compositor; orixinal na súa textura e cun traballo harmónico sorprendente, sobre todo na parte central, aparece o lirismo habitual do autor. No último movemento, rexorde o folclore con evocacións case cómicas das bandas campesiñas das pequenas



# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

## TEMPORADA DE ABONO 2022-23

---

vilas de Bohemia e retoma o tema inicial da partitura.


Richard Strauss era fillo de Franz Strauss, trompeta principal da orquestra da corte de Múnic, polo que medrou rodeado dos gustos musicais do seu pai, sobre todo, Mozart, Haydn e Beethoven seguidos de Schubert ou Weber, pero tamén Mendelssohn e Spohr. Sen embargo, Strauss pai pensaba que as obras posteriores á *Sétima* de Beethoven non eran música pura, e nelas comezaban a asomar “...esa figura mefistofélica de Richard Wagner” nas súas propias palabras que os enfrontaron nalgúns momentos aínda que o compositor recoñecía que o trompetista tocaba cunha habilidade e beleza indiscutibles. Ese fermoso toque de Franz Strauss influíu no seu prodixioso fillo cando, aos dezasete anos, compuxo a *Serenata para 13 instrumentos de vento* cunha seguridade que tamén podería atribuírse ao seu coñecemento da orquestra pois o proxenitor dirixía a Wilde Gungl, unha orquestra de afeccionados a cuxos ensaios e concertos asistía o adolescente Richard. A *Serenata*, en forma sonata — una innovación da era clásica—, reflicte a súa inmersión na música paterna e supón máis que unha hábil imitación de Mozart e Mendelssohn; é a conversión desas influencias en algo notablemente

orixinal por parte do novo Strauss cuxo futuro compositivo é posible identificar no ámbito das melodías de doloroso lirismo como as de *O cabaleiro da rosa*. A música é lírica e melódica cun segundo tema que se recrea no rico son dos 13 instrumentos. O desenvolvemento comeza cos óboes sobre unha serie de notas sostidas a cargo das trompas e o contrafagot. Os instrumentos baixos crean unha sensación de anticipación a medida que chega á recapitulación que aparece co que quizais sexa o momento máis evocador da *Serenata*, pois as trompas tocan o primeiro tema con gran calidez. As frutas ofrecen un delicado remate nun xesto que pode presaxiar, en miniatura, algunhas das abraiantes escrituras de Strauss para soprano das súas grandes óperas.

Tamén Chaikovski pensou en Mozart, concretamente na *Pequena serenata nocturna*, para compoñer en 1880 a *Serenata en Do maior* que el mesmo consideraba unha das súas mellores obras contrapoñéndoa á *Abertura 1812* escrita no mesmo período e así o explicaba: “A *Abertura* é moi ruidosa, pero compúxena sen ningún sentimento de amor e polo tanto, probablemente, non terá ningún mérito artístico. Mais a *Serenata*, pola contra, escribina por compulsión interna. É unha obra de

corazón e por iso, atrevome a agardar que esta obra non careza de calidades artísticas”. Realmente así foi, unha obra referencial do repertorio para orquestra de corda cuxos catro movementos amosan algunhas das características esenciais do compositor ruso, como a recorrencia temática e unha fonda melancolía. O movemento inicial en forma sonata —Chaikovski chámalo sonatina e escribe “...é a miña homenaxe a Mozart”— é unha forma robusta, un coral denso e introspectivo composto amplamente por toda a orquestra que, despois dos dous temas de notas rápidas e lentas, volve con toda a súa forza para pechar o movemento con certa astucia. O *Valse*, que na época mozartiana tería sido un maxestoso minueto, inclúe numerosos xiros harmónicos e rítmicos inesperados para que a orquestra soe áxil e elegante; tarefa nada fácil para un compositor mais a destreza orquestral do autor é admirable. É o complemento perfecto para a abertura da obra e para o son lírico e máis escuro da *Elexía* na que se distingue a escrita directa, emocional e enormemente poética pola que se coñece Chaikovski. A voz máis sombría e desesperada que se atopa nas súas tres derradeiras sinfonías domina gran parte da natureza deste movemento cuxo efectivo final se esvaece a medida que as cordas se moven das notas tocadas

normalmente aos harmónicos, dando un brillo case pantasmal ao último acorde. O rápido e divertido *Finale* abre cunha introdución baseada nunha melodía de baile popular rusa. A peza parece estar construíndose continuamente, cada vez máis rápido, ata que Chaikovski encamiña a imaxinación e a espontaneidade do seu admirado Mozart.



# PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 5 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 21:00 h

## CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

**Paul Daniel**, director

· Piotr Ilyich Chaikovski:

O Crebanoces, op. 71, TH 14

Xoves 12 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

## A VOZ HUMANA

- Nicola Beller Carbone, Ela (soprano)
- Juan Pérez Floristán, El (piano)
- Luis Tausía, O insoportable medo a morrer sós (actor)
- Rafael R. Villalobos, dirección, dramaturxia, espazo escénico, vestuario e iluminación

**Sala Mozart 19:00 h**

Conversando con... Luis Gago



**C**  
Compostela  
Cultura

### AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 462 Zona C

### OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)  
[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)

  
RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura

  
@rfgalicia  
@CCultura

  
@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura

  
CONSORCIO DE  
SANTIAGO

  
GOBIERNO  
DE ESPAÑA

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

  
XUNTA  
DE GALICIA

  
AUDITORIO DE GALICIA

  
Deputación  
DA CORUÑA